

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 25 DE XANEIRO DE 2021

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Arnos (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 14/12/2020 E EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 13/01/2021

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación a acta da sesión ordinaria de 14/12/2020, con 12 votos a favor e 1 abstención do Sr. García Cordero, motivada pola súa inasistencia á citada sesión.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación a acta da sesión extraordinaria e urgente de 13/01/2021, con 12 votos a favor e 1 abstención da Sra. Bouza Bellón motivada pola súa inasistencia á citada sesión.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA 17/2020, 18/2020 E 1/2021

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- ADOPCIÓN DE ACORDO PARA QUE AS ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO EN SOPORTE ELECTRÓNICO INCORPOREN O ARQUIVO AUDIOVISUAL DA SESIÓN

De conformidade co previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, propónse pola Alcaldía a adopción de acordo “para que as actas dos Plenos da Corporación incorporen o arquivo audiovisual da sesión, e deste xeito, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario municipal da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita proposta.

4º.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2021)

A proposta da Alcaldía, e previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, acorda:

“1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	130.719,86
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	130.719,86

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			

Subtotal investimentos achega provincial 2021	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación Rabadeña- Fábrica do Monte	45.007,54	0,00	45.007,54
Pavimentación Vilar	55.977,60	0,00	55.977,60
Subtotal investimentos achega provincial 2020	100.985,14	0,00	100.985,14

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
	0,00
	0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	130.719,86		130.719,86
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	100.985,14	0,00	100.985,14
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021			
	Achega 2020			
	Préstamo 2021			
	TOTAL	231.705,00 €	0,0	231.705,00 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN EMPREDRON	30.393,18
PAVIMENTACIÓN MURALLON	38.739,52
PAVIMENTACIÓN ARDA	46.041,71
PAVIMENTACIÓN CHISQUEIRA - GALANOS	36.949,48
PAVIMENTACIÓN ALCALLAS - CRUZ DO POUSO	62.094,64
REFORMAS CAMPO DE FUTBOL DE SAN ISIDRO	61.356,44
SUBSTITUCIÓN DACUBERTA CASA DA CULTURA	50.813,84
SUBSTITUCIÓN DE VENTÁS DA CASA DA CULTURA	75.667,47
TOTAIS	402.056,28

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

5º.- APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

A proposta da Concelleira de Servizos Sociais, e previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención

do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, acorda:

“1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2021” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	79.224,16 €
--	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</p>	9.932,62 €	0,00 €	9.932,62 €
<p>b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.</p>	68.000,00 €	0,00 €	68.000,00 €
<p>c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €
<p>d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			

e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.	6.000,00 €	0,00 €	6.000,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L	85.932,62 €	0,00 €	85.932,62 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

6º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2018, PRORROGADO AO EJERCICIO 2021 (EXPEDIENTE Nº 1/2021 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA FAVORABLEMENTE POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS

Chegadas as datas actuais e como xa ven sendo habitual, resulta que durante este mes de xaneiro teñen entrada no rexistro de facturas xustificantes de gastos relativos a servizos e/ou suministros que tiveron lugar o ano anterior, pero para os que obviamente foi imposible levar a cabo a súa imputación ao dito orzamento, dadas as datas nas que se emiten e a data na que se prestan tales servizos ou siministros.

Tras a modificación aprobada en xaneiro de 2019 da base 21ª das de execución do orzamento, algunhas de tales facturas xa se aplicaron neste mes directamente contra o orzamento actual, mediante a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, a través da figura do recoñecemento extraxudicial de créditos ou como facturas directamente imputables ao orzamento por estar nalgún suposto dos previstos na base 12ª.3 das de execución do orzamento.

Agora ben, dada a existencia doutras facturas para as cales a súa aprobación corresponde ao Pleno Municipal como consecuencia do desfase temporal que se produce, tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990; iniciouse por parte desta Alcaldía a través dunha providencia

de inicio (á que me remito) o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de evitar prexuízos económicos para o concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos nos que efectivamente se incurriu no exercicio anterior, pero que non puideron ser aplicados ao exercicio anterior por non ser presentados polo proveedor,

E dado que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais. Así, e dentro de tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso;

Esta alcaldía propón entón:

- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas no anexo a esta proposta, na relación EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021, por un importe total de 5.919,89€.
- A aprobación de tales facturas levarase a cabo con cargo ao orzamento deste exercicio.
- Que a aprobación deste gasto dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.

ANEXO Á PROPOSTA DE ALCALDÍA: RELACIÓN DE FACTURAS E OUTROS XUSTIFICANTES

EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS 1/2021

Aplicación	Nombre	Texto Explicativo	Importe	
450	22699	COMASA S.L.	POR MATERIAIS OBRAS BANCOS CONCELLO	253,95
320	22699	DEGA	POR MATERIAIS OBRAS COLEXIO SAN ISIDRO	304,18
920	22706	DUPLEX ELEVACION S.L.U.	POR TRABALLOS INSPECCION 11/11/2020 ELEVADOR C.CIVICO	580,80
912	22602	EDITORIAL LA CAPITAL (DIARIO DE FERROL)	PUBLICIDADE ESPECIAL FIN DE ANO DIARIO DE FERROL	544,50
450	22799	ELECTRICIDAD ALYCAR S.L.	REPARACION XERADOR AYERBE EP8000	201,99

338	22699	JOSE MARTINEZ BOUZA-(IMPRESA)	IMPRESOS /EN NEDA OS BARES TEÑEN PREMIO/	145,20
920	22799	JOSE MARTINEZ BOUZA-(IMPRESA)	POR CALENDARIOS SOBREMESA	363,00
338	22799	JOSE MARTINEZ BOUZA-(IMPRESA)	TICKETS SORTES PREMIOS CONCURSO BARES	235,95
450	22699	HIJOS DE JOSE LOSADA S.A.	POR FIBRA METALICA PARA OBRAS CONCELLO	2.198,57
330	22602	LA VOZ DE GALICIA	PUBLICIDADE /VIVIR EN NEDA/	423,50
942	46300	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS	DIFERENCIA LIQUIDACION RECOLLIDA ANIMAIS ANO 2016	30,00
132	22799	TALLERES ARREIRA-(JOSE CASAL RODRIGUEZ)	REPARACION VEHICULO 9449FSS P.L.	134,89
330	22602	VOZ DE GALICIA RADIO S.LU	PUBLICIDADE CONCELLO /VIVIR EN NEDA/	503,36
			SUMA TOTAL.....	5.919,89

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e PP, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de BNG e MOVENEDA, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

7º.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2020

Neste apartado pola Interventora municipal, en base o disposto nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundo da lei reguladora das facendas locais de 5 de marzo e o disposto nos artigos 4 e 6 do Real decreto 1174/87 de 18 de setembro polo que se aproba o Regulamento de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, fai constar o seguinte:

1º.-En virtude do establecido no artigo 215 do Real Decreto mencionado anteriormente (RD 2/2004), si no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular por escrito os seus reparos antes da adopción do acordo ou resolución.

2º.-En virtude do artigo 218 do Real Decreto 2/2004, o órgano interventor elevará informe ó Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados. O contido deste apartado constitúe un punto independente do orde do día da correspondente sesión plenaria.

3º.-Que a relación de reparos emitidos pola Intervención municipal dende o 01/01/2020 ata o 31/12/2020 foi presentada o Pleno para o seu coñecemento.

4º.-Que ditos informes atópanse nas dependencias da Área de Intervención.

O Pleno toma coñecemento do asunto e queda enterado.

8º.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES E MOROSIDADE DOS CUATRO TRIMESTRES DE 2020

Os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do sector público como base do funcionamento estrutural das Administracións Públicas resultan clave para o crecemento económico benestar social e contribúen a xenerar confianza no correcto funcionamento do sector público. Dada esta importancia, o lexislador redefiniu o principio de sostenibilidade financeira no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria y Sostenibilidade Financeira, incluíndo non so o control da débeda pública financeira, sino tamén o control da débeda comercial. Co obxecto de controlar a débeda comercial e erradicar a morosidade das Administracións Públicas se esixe crear un instrumento, automático e de fácil aplicación, para que o seu seguimento permita un control xeneralizado e eficaz, que sexa comprensible tanto para as Administracións Públicas como para os cidadáns e, sobre todo, que sexa público de acordo co principio de transparencia recollido no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Con este propósito, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago o retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público seu período medio de pago que deberán calcular de acordo con unha metodoloxía común que se concreta a través do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo. El período medio de pago definido neste real decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, por la que se establecen medidas de loita contra la morosidade en las operacións comerciais.

La Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo “1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad. (.....) 2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios.

En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo xeito, na súa Disposición Final sétima, modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público: “La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, incluíndo no apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte tenor literal: “Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores. Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.” A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens o prestación dos servizos para aprobar as certificacións o documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partires desta data de aprobación para proceder o pago do prezo sen incorrer en mora. O inicio do cómputo do período medio de pago, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire ós Informes de Morosidade se computa, con carácter xeral, dende a recepción da factura.

Cómpre ter en conta que coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 introducíronse modificacións no Real decreto 635/2014 (no que se desenvolvía a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira). Así, a primeira publicación mensual do PMP realizada de conformidade coa metodoloxía prevista na modificación do artigo 5 do RD 635/2014 tivo lugar no mes de xuño de 2018 referida aos datos do mes de abril de 2018; e a primeira publicación trimestral foi no mes de setembro de 2018 referida ao segundo trimestre de 2018.

Pola Interventora Municipal e dando cumprimento ao establecido na lexislación anterior, a cal determina a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da súa presentación e debate no Pleno, un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local, se da conta ao Pleno dos correspondentes ao primeiro, segundo, terceiro e cuarto trimestre de 2020.

Ditos informes deberán estar referidos ao último día de cada trimestre natural e acompañados da documentación correspondente.

De seguido tamén se da conta sobre o período medio de pagamento correspondente os períodos indicados, que establece o Real decreto 635/2014 de 25 de xullo.

En ámbolos dous casos achégase a pertinente documentación que se pon a disposición do Pleno desta Corporación, e do cal a Corporación Municipal queda enterada.

DATOS PMP PRIMEIRO TRIMESTRE 2020

TRIMESTRE: PRIMER TRIMESTRE

AÑO 2020

En días

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Neda	0,96

DETALLE PMP

En días

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-055-AA-000	Neda	0,96	1,00	0,96

DETALLE MOROSIDADE

Código de Entidad	Entidad	Número de Pagos dentro período legal pago	Importe pagos realizados	Número operaciones pendientes dentro período legal pago	Importe pagos pendientes (euros)
11-15-055-AA-000	Neda	579	558.859,65	16	53.265,76

DATOS PMP SEGUNDO TRIMESTRE 2020

TRIMESTRE: SEGUNDO TRIMESTRE**AÑO 2020**

En días

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Neda	0,77

DETALLE PMP

En días

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-055-AA-000	Neda	0,77	0	0,77

DETALLE MOROSIDADE

Código de Entidad	Entidad	Número de Pagos dentro período legal pago	Importe pagos realizados	Número operaciones pendientes dentro período legal pago	Importe pagos pendientes (euros)
11-15-055-AA-000	Neda	485	831.542,02	22	26.835,50

DATOS PMP TERCEIRO TRIMESTRE 2020**TRIMESTRE: TERCER TRIMESTRE****AÑO 2020**

En días

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Neda	1,01

DETALLE PMP

En días

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-055-AA-000	Neda	1,01	0	1,01

DETALLE MOROSIDADE

Código de Entidad	Entidad	Número de Pagos dentro período legal pago	Importe pagos realizados	Número operaciones pendientes dentro período legal pago	Importe pagos pendientes (euros)
11-15-055-AA-000	Neda	577	681.423,91	12	11.829,90

DATOS PMP CUARTO TRIMESTRE 2020

TRIMESTRE: CUARTO TRIMESTRE

AÑO 2020

En días

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Neda	0,35

DETALE PMP

En días

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-055-AA-000	Neda	0,35	0	0,35

DETALLE MOROSIDADE

Código de Entidad	Entidad	Número de Pagos dentro período legal pago	Importe pagos realizados	Número operaciones pendientes dentro período legal pago	Importe pagos pendientes (euros)
11-15-055-AA-000	Neda	612	649.301,17	0	0,00

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021 DESTINADO A LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19

A portavoz da formación, Sra. Pena Barcia, defende a moción, do seguinte tenor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa case un ano, a pandemia da COVID-19 asolou as nosas vidas e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños. Os concellos volveron a mostrar novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais dos galegos e galegas.

Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir, como foron as desinfeccións dos colexios, as desinfeccións dos centros de saúde ou a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a COVID-19, entre outras que son ben coñecidas.

O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.

Durante toda a pandemia da COVID-19, a Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo ten aprobadas varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario

para poder desenvolvelas.

No mes de novembro do pasado ano, o goberno de Alberto Núñez Feijóo presentou os orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos que non só non contemplaba unha partida extraordinaria para os concellos para afrontar os gastos extraordinarios orixinados pola xestión da crise sanitaria, senón que inexplicablemente propoñían a redución dos fondos destinados aos concellos. Todo elo, a pesar de ter recibido uns fondos extraordinarios que para 2021 ascenden a 1.100 millóns de euros do Estado e da Unión Europea para combater a pandemia da COVID-19.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía, como se puido ver na xestión da loita contra a pandemia.

Ante este ataque completamente inxustificable ás entidades locais que castiga claramente á administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda aos orzamentos galegos para o 2021 na que propón a creación dun fondo extraordinario destinado aos concellos co fin de establecer unha partida dotada de 100 millóns de euros para suplir os gastos relativos á COVID-19, que poida ser distribuído con criterios obxectivos.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de NEDA propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.
2. Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, ao menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.
3. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

EMENDA DE SUSTITUCIÓN DO PUNTO 2º DA PARTE DISPOSITIVA, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, CO SEGUINTE TENOR LITERAL:

“Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario covid-19 seguindo o modelo aprobado pola Comunidade Valenciana cunha aportación da Xunta de Galicia do 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante, que se distribuirá con criterios estritamente obxetivos”.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta rexeita a emenda presentada, con 2 votos a favor da súa aprobación do Sres. Concelleiros do PP, 10 votos en contra da súa aprobación dos Sres. Concelleiros

de PSdeG-PSOE e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á moción, con 10 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e BNG, 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

10º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN COA OFICINA DO BANCO DE SANTANDER DE NEDA

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, aproba a seguinte declaración institucional:

“Recibimos con pesar a noticia recollida nos medios no que atinxe ao peche de varias oficinas do Banco de Santander, entre as que se atopa a situada no Concello de Neda.

Noso termo municipal quedará así desatendido, o que xa de por si supón un grave problema para os veciños, acentuado, se cabe aínda máis, tendo en conta a avanzada idade media de nosa poboación , que necesita dunha atención persoal.

Son momentos difíciles para todos e damos por feito que as entidades bancarias non son alleas ás circunstancias que estamos a vivir, pero é nosa obriga, como representantes elixidos polo pobo, interceder ao respecto e, no exercicio responsable do noso cargo, despreparar cantos esforzos estean ao noso alcance para que se reconsidere a súa decisión e se manteña aberta ao público a sucursal do Banco de Santander en Neda”.

FORA DA ORDE DO DÍA

Previa ratificación da urxencia por unanimidade, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aproba a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO EN GALICIA TEXTIL

A empresa Galicia Textil é unha firma senlleira no Concello de Neda. A súa vinculación co municipio e a súa veciñanza e a contorna forma parte xa da historia da localidade.

A empresa Galicia Textil forma parte dun dos maiores grupos textís de Europa (téxtil Santanderina).

A firma ten presentado un despedimento colectivo de 20 persoas baseándose en causas económicas.

Os/as traballadores/as e os seus representantes sindicais opóñense á adopción desta dramática medida ao entender que a mesma é desproporcionada a respecto da situación da empresa entendendo que se deben aplicar medidas menos lesivas para as persoas

traballadoras.

Creemos que é viábel manter a produción e os postos de traballo, e é unha necesidade máis aínda tendo en conta a situación de declive industrial que está a padecer a nosa comarca, comarca que non se pode permitir continuar nesta sangría industrial, económica e social.

En base a isto acordamos:

-Dirixirnos á Xunta de Galicia para que en base ás competencias que ten en materia industrial efectúe aquelas xestións precisas para a continuidade da fábrica de Xuvia e o mantemento dos postos de traballo, máis aínda tendo en conta que Galicia Textil é unha empresa privada que durante décadas vén aproveitando recursos enerxéticos públicos para desenvolver a súa actividade.

-Dirixirnos á Dirección da empresa facéndolle ver que debe apostar pola continuidade do centro da fábrica de Xuvia e para elo debe facer os esforzos precisos adoptando medidas que fagan compatíbel a viabilidade produtiva co mantemento dos postos de traballo.

-Facer un chamado ás veciñas e veciños de Neda e de toda a comarca a apoiar a loita do persoal de Galicia Textil na defensa dos postos de traballo e aquelas mobilizacións que convoquen para acadar ese obxectivo.

-Amosar publicamente o apoio das forzas políticas presentes no Concello de Neda ás reivindicacións do persoal de Galicia Textil.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e dezoito minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral